



PLAN DE CONTINXENCIA DO CRA NOSA SRA. DO FARO

(Ponteceso-Malpica-Cabana de Bergantiños)

O noso Plan de Continxencia pretende establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula ou varias do CRA.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles nenos e nenas, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que un neno, nena, ou mestre da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, que estará previsto en cada aula. Colocaráselle unha máscara (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, preferiblemente FP2), e contactarase coa familia, En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061
3. A familia debe **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións.. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no CRA tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.
- 5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico.**
6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no CRA teña que **estar illada unha parte dun CRA** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho, hai que salientar o risco dos Mestres itinerantes e coidadora que poden estar afectados por o movemento entre aulas.
7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas**



de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

CRA NOSA SRA DO FARO

Travesía Rúa Concello 14_ 15110 Ponteceso_ A Coruña
881960970

cra.senhora.faro@edu.xunta.gal

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo. Teremos que ter en conta e así comunícalo a sanidade os itinerantes no tempo que estimen.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do CRA**.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

CRA NOSA SRA DO FARO

Travesía Rúa Concello 14_ 15110 Ponteceso_ A Coruña
881960970

cra.senhora.faro@edu.xunta.gal

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o mestre ou mestra tanto titor coma especialista poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Seguiremos o previsto na programación non presencial coordinada cos diferentes Mestres do centro.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.



13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o CRA ten previstas as seguintes **medidas**:

- a) **Manter o contacto permanente coas familias**, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) **Actualizar a aula virtual (NUBE ou programa que funcione de videoconferencia)** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

CRA NOSA SRA DO FARO

Travesía Rúa Concello 14_ 15110 Ponteceso_ A Coruña
881960970

cra.senhora.faro@edu.xunta.gal

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o CRA ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50% en grupos de menos de 20 alumnos, este caso sería a situación do CRA.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans, nas condicións que indica o protocolo para estas idades, salvo que sanidade indique outras.





- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas)

CRA NOSA SRA DO FARO

Travesía Rúa Concello 14_ 15110 Ponteceso_ A Coruña

881960970

cra.senhora.faro@edu.xunta.gal

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% en grupos de menos de 20 alumnos, que é o caso do CRA.

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual,

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa

